

# Bloque

## A Estrada

Número 15. Epoca 1ª / Abril 2007

“ A Estrada necesita unha dirección política que vele polos seus intereses ”

Envío Postal sen enderezo



## O BNG é a garantía para sacar do estancamento o noso Concello

Nos últimos 16 anos o PP foi incapaz de sacar adiante un PXOM, botándoo abaixo en dúas ocasións, e aínda hoxe está pendente da súa aprobación definitiva por parte da Xunta debido ás graves deficiencias que contén.

En 16 anos o PP outorgou centos de licenzas contrarias á legalidade

vixente, algunhas das cales denunciadas polo BNG diante os tribunais de xustiza, que as declararon ilegais, polo cal boa parte dos actuais concelleiros do PP teñen causas pendentes coa xustiza.

En 16 anos o PP subiu reiteradamente os impostos, sobre todo o IBI, e tivo que ser o BNG quen en

solitario rebaixou este imposto, debido a unha ponencia de valores mal feita, que prexudicaba á meirande parte dos nosos veciños e veciñas con propiedades na vila.

En 16 anos de goberno o PP foi incapaz de traer para A Estrada proxectos de envergadura que equipararan o noso Concello a outros do seu entorno. **O BNG da Estrada** foi quen de, **en a penas dous anos de goberno na Xunta**, por en marcha a Cidade do Móbel, inxectou cartos para mellorar o Polígono Industrial de Toedo e apoiou a creación da Cooperativa Monte Cabalar, un proxecto innovador que axudará a poñer en valor as potencialidades que ten o noso Concello.

Os veciños e veciñas da Estrada non podemos seguir estancados outros 16 anos, con un goberno do PP que só cree problemas. **A única opción é o BNG, que foi quen de atallar moitos deses problemas e darlle unha solución.**

Para 2007 as Consellarías de Innovación e Industria e Vivenda consignaron 33,5 millóns de euros para a Cidade do Móbel. Entre os anos 2005 e 2006 a Consellaría de Innovación e Industria destinou máis de 226.000 € para Polígono Industrial de Toedo.

No ano 2006 a Consellaría de Innovación e Industria destinou 126.000 € á Fundación de Exposicións e Congressos



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)  
[www.benega.info/aestrada](http://www.benega.info/aestrada)  
Edita: BNG A Estrada

## O Consello Nacional nomea a Raquel López Doce Responsábel da Comisión Nacional de Servizos Sociais

Estas Comisións Sectoriais do BNG están creadas para debater e definir propostas de políticas temáticas que deba desenvolver o BNG na súa acción política, contribuíndo á elaboración, unificación e homologación da política do BNG neste eido.

O cargo de Responsábel da Comisión Nacional de Servizos Sociais, ten se cabe un plus engadido de responsabilidade, xa que a área temática desta comisión afecta a unha das áreas de goberno que ten o BNG, concretamente na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que dirixe Anxo Quintana.

Recordar que Raquel López Doce, Candidata do BNG á Alcaldía, é Diplomada en Traballo Social e experta en Xerencia de Servizos Sociais; profesionalmente é Traballadora Social na atención primaria municipal, polo que o dominio nesta área está sobradamente probado e garantido, xa que en sobradas ocasións ao longo da presente lexislatura deu mostras do dominio da materia, como por exemplo as aportacións ao regulamento que rexirá a gardería municipal

O BNG da Estrada quer felicitar a Raquel López por este nomeamento, e congratúlase de ter

entre as súas filas a unha persoa traballadora, seria, rigorosa e responsábel, que ve premiado a seu traballo e a súa constancia dentro da organización con este nomeamento do Consello Nacional do BNG.



## O BNG solicítalle á COTOP que arranxe determinados viais do noso Concello

Son moitas as deficiencias que acumula o noso Concello en materia de infraestruturas: a autoestrada Santiago-Dozón ou Santiago-Vigo, quédanos a bastantes quilómetros; logo non contamos cunha circunvalación, tantos anos demanda polo BNG da Estrada, que facilite a circulación de vehículos, sobre todo pesados, que pasan a diario pola nosa vila; logo tamén hai viais de menor capacidade que acumulan deficiencias e retrasos nas obras como por exemplo: Baloiira-Santo André de Veá e Couso Barcala.

Por este motivo o BNG da Estrada presentou unha moción no Pleno ordinario do mes de marzo, solicitando que se instase á Consellaría de Política Territorial a incluírs viais PO-841(A Estrada – Santiago) que soporta unha intensidade media diaria de tráfico bastante alta, que xunto coa climatoloxía e o seu decurso preto dos núcleos de poboación fan, ao noso entender, moi aconsellábel a mellora das condicións de seguridade viaria e comodidade desta vía, así coma a prolongación da variante desde Chao do Río até a parroquia de Couso, salvando deste xeito Pontevea; tamén a PO-213 que comunica A Estrada coa N-525 en Ponte Ulla, e a PO-214 (que enlaza Baloiira (PO-841) con Pontecesures (N-550) deben figurar no Plan de Infraestruturas de Transporte co fin de adecualas ás demandas de utilidade existentes por parte dos veciños e veciñas da Estrada, en condicións acordes coa nova visión estratéxica do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2006-2010.

O BNG tamén aproveitou a presentación desta moción para solicitar á Consellaría de Política Territorial a reanudación inmediata das obras de acondicionamento da estrada PO-226 Cuntis-Porráns no tramo Moraña-Porráns, que a diario utilizan moitos veciños do noso Concello que tentan evitar deste xeito os atascos que acotío hai en Caldas de Reis.

Nesta moción tamén se insta á mesma Consellaría á reapertura inmediata da Estación de Autobuses da Estrada, que leva xa varios meses pechada, o que está a causar graves prexuízos aos veciños e veciñas.



## O BNG da Estrada consegue un investimento sen precedentes da Consellaría de Medio Rural no noso Concello



A Consellaría de Medio Rural ten previsto investir, grazas ás xestións feitas polo BNG da Estrada, **máis de 4.600.000 € en infraestruturas agrarias neste ano 2007**, que se suman aos 2.500.000 € investidos no 2006, **o que contrasta co que investiu o PP nos últimos cinco anos de goberno na Xunta, que só investiu pouco máis de 3.400.000 €, o que é**

indicativo do grao de compromiso do BNG fronte ao que tiña o Partido Popular co noso Concello a pesares de ter entre os seus conselleiros a destacados membros do PP local, que foi incapaz, o mesmo que o PP na Alcaldía da Estrada, de traer investimentos para A Estrada e sacala da parálise na que leva anos encaixada, debido á súa falla de iniciativa política para solucionar os problemas dos nosos veciños.

De entre os investimentos previstos destacamos a execución da rede de camiños nas parroquias de Arca e Codeseda, cun investimento de 3.386.000 €; nestas dúas parroquias tamén se investirán máis de 100.000 € para o proxecto de concentracións parcelarias que se levarán a cabo. O BNG da Estrada tamén conseguiu máis

de 400.000 € para a execución da obra da traída de auga na parroquia de Couso. A parte do referido, a Consellaría aportará á Cooperativa Monte Cabalar, coa que asinou un convenio de colaboración, máis de 240.000 €.

“ **O PP nos últimos cinco anos de goberno na Xunta só investiu 3.400.000 euros na Estrada** ”

**O BNG da Estrada consegue investimentos e obras das Consellarías que dirixe na Xunta para o noso Concello a pesares de non gobernarlo, o que contrasta co executado por uns, o PP, e coa falta de investimentos doutros, o PSOE.**

## O PP e o PSOE non queren profesionalizar a Fundación do Móbel

O BNG non pode valorar positivamente a elección do xerente da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, malia aos intentos da Consellaría de Industria por realizar un proceso de selección baseado en criterios obxectivos de formación e profesionalidade, finalmente a selección realizase en base a cuestións persoais e políticas, e a un mal entendido localismo, ademais de optar por un xerente que presentou unha oferta económica máis elevada cas outras opcións.

### Pacto PP-PSOE

Queremos así mesmo evidenciar que este novo acordo PP-PSOE ven a sumarse aos múltiples acordos

que estas dúas forzas políticas veñen mantendo ao longo desta lexislatura: primeiro impedindo a nosa presenza no Padroado da Fundación de Exposicións (repartido a representación do Concello da Estrada entre estas dúas forzas), minguando a nosa presenza nas Comisións Informativas Municipais (temos a metade de representación co PSOE cun edil de diferenza); aliándose e illando ao BNG no conflito do IBI (saíu adiante só co noso apoio); aliándose tamén durante todo o proceso de elaboración do PXOM, ...

O BNG da Estrada non cuestiona que a decisión do Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada é unha decisión democrática; agora ben, isto non impide que como organización política integrante da Corporación do Concello da Estrada (sen representación no

Padroado) e como forza política, realicemos a valoración do proceso e llela traslademos á cidadanía estradense, feito que mesmo consideramos a nosa obriga.

“ **A Estrada ten vantaxes comparativas no sector do móbel e hai que saber aproveitalas** ”

### Outras Feiras

O Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos, ao igual ca os Padroados do resto dos recintos feirais que hai por todo o país, é quen decide cando se fan as distintas feiras ao longo do ano, de acordo co Foro de Convergencia Feiral, organismo creado pola Consellaría de Industria para tratar evitar coincidencias na organización de eventos desta índole.



## A Contracapa

# O PP e o PSOE outorgan un contrato de 280.000 euros sen concurso público

Unha vez máisponse de manifesto a **entente cordiale** destes dous partidos e os representantes do PP e do PSOE na **Fundación Cultural A Estrada outorgan un contrato de 280.000 euros** para a adquisición de “kits de acceso” imprescindibles para a conexión á rede wifi de A Estrada Dixital, considerando que a empresa elixida é a única empresa dentro do Estado Español, que pode subministrar este tipo de aparatos.

O noso representante na Fundación Cultural votou en contra desta decisión, xa que considerou sospeitoso que se outorgue “**a dedo**” un contrato a unha empresa determinada, escusándose en que non hai ningunha outra que poida subministrar este produtos, entre as moitas empresas galegas e de fóra de Galiza que importan produtos electrónicos de todo tipo.

Por moi democrática e legal que sexa a decisión, nega a outras empresas do ramo poder **competir en igualdade de condicións e de oportunidades por este sucucento contrato de 280.000 euros**, utilizando unha argucia legal discutíbel e unha exclusividade bastante oportuna.

“ **O BNG da Estrada denunciou no seu día que este “kit de acceso” sería necesario** ”

O BNG da Estrada **denunciou no seu día que este “kit de acceso” sería necesario** para que moitos dos usuarios e das usuarias da rede municipal puideran



conectarse sen problemas; mais a Fundación Cultural A Estrada, cos votos favorábeis do PP e do PSOE outorgou o contrato da instalación da rede inalámbrica a **Softgal** que consideraba que “os usuarios finais non precisarían, en xeral, equipamento de acceso específico á rede”. Pero a cruda realidade demostrou que non só tiñamos razón, senón que ademais este elemento sería imprescindible para que a rede wifi do Concello da Estrada funcionara correctamente en todos os casos, e froito da nula previsión e planificación, agora A Estrada Dixital ten que gastarse 280 mil euros máis, que sumados aos 567 mil que custou a implantación da rede, suman 847 mil euros (case 141 millóns de pesetas).

Evidentemente as administracións en xeral deben preocuparse de que todos os veciños e veciñas teñan un acceso á internet a un prezo o máis asequíbel posíbel, pero 847 mil euros semella unha cifra disparatada cando nos atopamos con que **o saneamento do rural é unha necesidade básica e prioritaria, que o Concello non foi quen de acometer; ou atopámonos con escolas rurais sen auga, pero con ordenadores para conectarse a internet.**

### O BNG co Medio Rural

O domingo 29 de abril, no recinto feiral de Silleda, o BNG realizará un acto nacional de defensa da política que está a levar a adiante a Consellaría de Medio Rural de potenciación do sector agro-gandeiro e forestal. Neste acto intervirá o Conselleiro, Alfredo Suárez Canal, e o Portavoz Nacional do BNG, Anxo Quintana.

### Como contactar co BNG da Estrada:

Rúa Xusto Martínez, 12-1º C  
36680 A Estrada  
Tlf/Fax: 986590002  
Correo: estrada@bng-galiza.org  
Web: <http://www.benega.info/aestrada>